

*Fernando Vázquez Arias*  
CICLO MONOGRÁFICO  
“ESTREAS NA ACADEMIA”



Real Academia Galega  
de Belas Artes



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



# *Fernando Vázquez Arias*

## CICLO MONOGRÁFICO “ESTREAS NA ACADEMIA”

REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

14 de xaneiro | 11 de marzo | 8 de abril | 3 de xuño  
de 2025

O propósito destes concertos é dar a coñecer as obras escritas polo compositor **Fernando Vázquez Arias** nos últimos anos, interpretadas por músicos galegos, unha constante na traxectoria artística do autor.

O concerto do día 14 de xaneiro incluírá a presentación das seguintes obras: **Sonata Brigantia**, dedicada á cidade da Coruña, a segunda patria do autor; **Tema con variacións para Ismael**, ambas escritas para piano; **Concerto Galaico** e **Almas Xemelgas**, para fagote e piano.

O concerto do día 11 de marzo terá como protagonista a música

escrita para quinteto de cordas e piano. Para esta ocasión inclúense: **Suite Coruñesa**, que consta de cinco movementos —Os Cantóns, Obelisco, Paseo polos Xardíns, A Mariña e O Parrote—; **Balada das Estrelas**, para violín, violoncello e piano; e **Cantos e Rituais**, para quinteto de cordas e piano.

O concerto do día 8 de abril será o máis variado deste ciclo, cun repertorio que explora a riqueza da música de cámara en distintas formacións instrumentais. O programa inclúe **O Zoar do Vento**, obra para quinteto de ventos; a **Sonata Española**, para trompeta

e piano; e **Camiño dos Faros**, que consta de cinco pezas galegas escritas para soprano, violoncello e piano.

O día 3 de xuño pechará este ciclo de concertos. Inclúe o **Concerto para violoncello e piano**, dedicado á súa muller, **Pepi Martínez Carmona**, como agradecemento polo seu constante apoio e alento ao longo da súa vida artística e persoal; **Costa da Caparica**, tamén para violoncello e piano; **Tres Caprichos Nostálxicos**, para frauta soa; **Soños Fugaces** e **Bagatela Viaxeira** para piano, e a **Fantasia**, para clarinete e piano.

OBRAS DE ESTREA DE FERNANDO VÁZQUEZ ARIAS

## PRIMEIRO CONCERTO

— 14 de xaneiro de 2025 —

# RAÍCES E VENTOS

## *Galicia na Intimidade*

O programa de hoxe está conformado por catro obras de estrea, dúas delas para piano e outras dúas para fagote e piano.

**Sonata Brigantia** é unha composición inspirada e dedicada á cidade da Coruña, a segunda patria do compositor, escrita en catro movementos:

**I. Torre de Breogán** evoca a lenda da torre e a conexión celta, cunha música grandiosa, chea de ritmos e contrastes.

**II. O Castro** describe unha vida tranquila e harmoniosa nas antigas comunidades celtas, destacando a súa sinxeleza e profundidade expresiva.

**III. Danza de Xerión** é unha danza scherzante que se inspira no mítico rei Xerión, capturando a súa esencia e poder.

**IV. Orzán** evoca a praia e o mar da Coruña, cunha música axitada e evocadora do espírito costeiro.

**Tema con variacións para Ismael**, para piano, dedicada ao fillo do compositor. Esta composición consiste nun tema principal que se transforma e explora a través de diferentes combinacións e estados de ánimo. O tema inicial é melódico e emotivo, transmitindo unha sensación de amor e cariño. As diferentes variacións transforman o tema de diversas maneiras, incorporando ritmos alegres e novas texturas, en-

riquecendo a experiencia auditiva e reflectindo a conexión entre o compositor e o seu fillo Ismael.

○ **Concerto Galaico para fagote e piano** é unha obra que se inspira nas raíces da música popular galega, empregando elementos e estruturas propias da tradición musical de Galicia. A obra naceu do contacto do compositor co xoven fagotista Esteban García Vidal e está composta por tres movementos.

**Almas Xemelgas** é unha obra orixinal para contrabaixo e piano, adaptada nesta ocasión para fagote e piano. Inspirada no ritmo envolvente do swing, crea un diálogo fluído entre os dous instrumentos que evoca a conexión profunda entre almas afíns.

# PROGRAMA

## 1ª PARTE

*Fernando V. Arias* **SONATA BRIGANTIA** PARA PIANO  
*Ricardo Blanco, piano*  
I. Torre de Breogán (Allegro)  
II. O Castro (Andante)  
III. Danza de Xerión (Scherzando)  
IV. Orzán (Allegro Brillante)

*Fernando V. Arias* **TEMA CON VARIACIÓNS PARA ISMAEL** PARA PIANO  
*Ricardo Blanco, piano*  
Tema  
I. Variación  
II. Variación  
III. Variación  
IV. Variación  
V. Variación  
VI. Variación

## 2ª PARTE

*Fernando V. Arias* **CONCERTO GALAICO** PARA FAGOTE E PIANO  
*Esteban García Vidal, fagote*  
*Ricardo Blanco, piano*  
I. Allegro  
II. Andante  
III. Allegro

*Fernando V. Arias* **ALMAS XEMELGAS** PARA FAGOTE E PIANO  
*Esteban García Vidal, fagote*  
*Ricardo Blanco, piano*

OBRAS DE ESTREA DE FERNANDO VÁZQUEZ ARIAS

## SEGUNDO CONCERTO

— 11 de marzo de 2025 —

# PAISAXES DE LENDA

## *A Coruña e a Cultura Galega*

A **Suite Coruñesa** é unha composición recente creada no ano 2024, para orquestra de cordas e inspirada nos lugares máis emblemáticos da Coruña. A obra, composta de cinco partes, tenta capturar a esencia e o ambiente característico desta cidade atlántica, a través dos seus espazos máis significativos: Os Cantóns, o Obelisco, os Xardíns, a Mariña e o Parrote.

Neste concerto, presentaremos unha versión adaptada para quin-

teto de cordas, que permite unha interpretación máis íntima.

A **Balada das Estrelas** é unha obra composta para violín, violoncello e piano, dedicada ás dúas estrelas máis especiais da vida do compositor: Sofía e Ismael. Esta peza busca captar a esencia e a luz que elas traen ao seu mundo, rendendo homenaxe á súa presenza a través da música.

**Cantos e Rituais.** Fernando Vázquez Arias, no ano 2018, escribe

varias pezas para coro e orquestra inspiradas nos rituais e cantos tradicionais galegos. A colección inclúe **O Conxuro da Queimada, O Ritual do Viño e Camiños da Tradición.** Estas obras exploran o misticismo e a esencia da cultura galega: desde o conxuro para afastar os malos espíritos ata a celebración do viño e a conexión coas lendas. Hoxe escoitaremos unha versión que fixo o autor para quinteto de cordas e piano.

# PROGRAMA

## 1ª PARTE

*Fernando V. Arias*

*Quinteto Scherzo*

*Regina Laza Pérez-Blanco, violín*

*Enrique Carlos Iglesias Precado, violín*

*Alison Dalglish, viola*

*Ramón Solsona Massana, violoncello*

*José F. Rodrigues Alexandre, contrabaixo*

**SUITE CORUÑESA** PARA QUINTETO DE CORDA

I. Os Cantóns

II. Obelisco

III. Paseo polos Xardíns

IV. Campás da Mariña

V. O Parrote

## 2ª PARTE

*Fernando V. Arias*

*Regina Laza Pérez-Blanco, violín*

*Ramón Solsona Massana, violoncello*

*Ricardo Blanco, piano*

**BALADA DAS ESTRELAS** PARA VIOLÍN, CELLO E PIANO

*Fernando V. Arias*

*Quinteto Scherzo*

*Ricardo Blanco, piano*

**CANTOS E RITUAIS** PARA SEXTETO CON PIANO

I. Conxuro da Queimada

II. O Ritual do Viño

III. Camiños da Tradición

OBRAS DE ESTREA DE FERNANDO VÁZQUEZ ARIAS

TERCEIRO CONCERTO

— 8 de abril de 2025 —

# CAMIÑOS E HORIZONTES

*Música do Mar e do Vento*

**O Zoar do Vento** para quinteto de vento-madeira composto no ano 2017, está inspirado na dinámica do vento e a súa relación co clima. A obra divídese en tres movementos, que representan diferentes facetas deste fenómeno natural.

**I. O Zoar do Vento** evoca o murmurio constante e suave do vento, semellante a unha brisa lixeira que percorre a paisaxe con delicadeza.

**II. A Ventisca** fai referencia a unha chuvía moderada con algunhas ráfagas de vento, suxerindo momentos de calma interrompidos por golpes repentinos de vento.

**III. Ventos Furacanados:** O último movemento captura a intensidade extrema dos ventos de tormenta, cunha música cargada de enerxía, rapidez e dramatismo, evocando a forza destrutiva dun furacán.

**Sonata Española**, composta no ano 2024 para trompeta e piano, é unha obra que capta a esencia da música española, inspirándose nas súas melodías e ritmos característicos. A través da mestura de elementos tradicionais e contemporáneos, a sonata evoca a rica tradición musical de España.

**Camiño dos Faros** é un ciclo de cinco cancións galegas composto no ano 2018 para soprano, violoncello e piano, inspirado na beleza e forza da Costa da Morte. As Cancións, con textos de Claudia Castro e Miguel Melero, exploran a conexión entre o mar, a terra e as emocións humanas. As pezas **Amor e Mar**, **Azul**, **Todo Estivo**, **Camiño dos Faros** e **Corme** combinan a riqueza coa intensidade da paisaxe atlántica, capturando o espírito e a esencia desta terra máxica.

# PROGRAMA

## 1ª PARTE

|                                        |                                               |
|----------------------------------------|-----------------------------------------------|
| <i>Fernando V. Arias</i>               | <b>O ZOAR DO VENTO</b> PARA QUINTETO DE VENTO |
| <i>Quinteto de Vento G1</i>            | I. O Zoar do Vento (Andante)                  |
| <i>María Piñeiro Ruibal, flauta</i>    | II. A Ventisca (Adagio)                       |
| <i>Pablo Díaz Coira, oboe</i>          | III. Ventos Furacanados (Allegro)             |
| <i>Pablo Ares Ferro, clarinete</i>     |                                               |
| <i>Nerea Fernández Sampayo, trompa</i> |                                               |
| <i>Mario Hermida Martínez, fagot</i>   |                                               |
| <i>Julio Cabo Messeguer, director</i>  |                                               |

|                                         |                                              |
|-----------------------------------------|----------------------------------------------|
| <i>Fernando V. Arias</i>                | <b>SONATA ESPAÑOLA</b> PARA TROMPETA E PIANO |
| <i>Gonzalo Sánchez García, trompeta</i> | I. Allegro                                   |
| <i>Ricardo Blanco, piano</i>            | II. Larghetto                                |
|                                         | III. Allegro                                 |

## 2ª PARTE

|                                              |                                                     |
|----------------------------------------------|-----------------------------------------------------|
| <i>Fernando V. Arias</i>                     | <b>CAMIÑO DOS FAROS</b> PARA SOPRANO, CELLO E PIANO |
| <i>Claudia Castro, textos <sup>(1)</sup></i> | I. Amor e Mar <sup>(1)</sup>                        |
| <i>Miguel Melero, textos <sup>(2)</sup></i>  | II. Azul <sup>(1)</sup>                             |
| <i>Clara Jelihovschi Panas, soprano</i>      | III. Todo Estivo <sup>(2)</sup>                     |
| <i>Ramón Solsona Massana, violoncello</i>    | IV. Camiño dos Faros <sup>(1)</sup>                 |
| <i>Ricardo Blanco, piano</i>                 | V. Corme <sup>(1)</sup>                             |

OBRAS DE ESTREA DE FERNANDO VÁZQUEZ ARIAS

C U A R T O   C O N C E R T O

— 3 de xuño de 2025 —

# ECOS DA ALMA

## *Homenaxes e Viaxes Musicais*

### **Concerto para Violoncello e Piano (2017)**

Esta obra, composta no ano 2017, consta de tres movementos, que exploran unha rica paleta emocional e musical. O concerto está dedicado á muller do compositor, *Pepi Martínez Carmona*, como mostra de agradecemento polo seu constante apoio e alento ao longo da súa vida artística e persoal.

### **Costa da Caparica (2023)**

Esta obra para violoncello e piano, composta no ano 2023, é unha viaxe musical evocadora inspirada nunha experiencia vivida do autor durante a súa visita á entrañable Costa da Caparica, en Portugal. A composición, estruturada nun único movemento, retrata as paisaxes serenas e

vibrantes deste lugar, onde o mar, o vento e a luz crean unha atmosfera única e inesquecible.

### **Tres Caprichos Nostálxicos para fauta soa (2024)**

Composta en 2024 e dedicada a Fernando Raña, esta obra en tres movementos reflicte a nostalxia a través da beleza e versatilidade da frauta. Cada capricho ofrece unha exploración única, combinando lirismo, virtuosismo e emoción para crear unha homenaxe ao instrumento e ao intérprete.

### **SOÑOS FUGACES (2025)**

Dedicado ao meu sobriño Anass Sniba Vázquez, tamén pianista, esta obra recrea os soños dun mozo, transportándonos ao seu mundo

de ilusións, aspiracións e fantasía a través da música.

### **BAGATELA VIAXEIRA (2025)**

Á miña amiga Reyes Silva, pianista e pedagoga, unha persoa inqueda e viaxeira, apaixonada por descubrir novos lugares coa ilusión e a devoción dunha adolescente.

### **Fantasia para clarinete e piano (2018)**

Composta en ritmos de amalgama, indaga nos recursos propios do clarinete. A súa interacción co piano permite diversas sonoridades desde pasaxes líricas ata momentos virtuosísticos. Dedicada ao clarinetista e director Nilo García Armas, esta Fantasia é un tributo á súa contribución á música galega.

# PROGRAMA

## 1ª PARTE

|                                             |                                                   |
|---------------------------------------------|---------------------------------------------------|
| <i>Fernando V. Arias</i>                    | <b>CONCERTO PARA VIOLONCELLO</b>                  |
| <i>Millán Abeledo Malheiro, violoncello</i> | I. Allegro                                        |
| <i>Elisa Martín, piano</i>                  | II. Lento                                         |
|                                             | III. Allegro                                      |
| <i>Fernando V. Arias</i>                    | <b>COSTA DA CAPARICA</b> PARA VIOLONCELLO E PIANO |
| <i>Millán Abeledo Malheiro, violoncello</i> | Allegro                                           |
| <i>Elisa Martín, piano</i>                  |                                                   |

## 2ª PARTE

|                                       |                                                   |
|---------------------------------------|---------------------------------------------------|
| <i>Fernando V. Arias</i>              | <b>TRES CAPRICHOS NOSTÁLXICOS</b> PARA FRAUTA SOA |
| <i>Fernando Raña Barreiro, frauta</i> | I. Lento - Tempo de vals - Presto                 |
|                                       | II. Largo - Allegro - Largo                       |
|                                       | III. Presto                                       |
| <i>Fernando V. Arias</i>              | <b>SOÑOS FUGACES</b> PARA PIANO                   |
| <i>Ricardo Blanco, piano</i>          |                                                   |
| <i>Fernando V. Arias</i>              | <b>BAGATELA VIAXEIRA</b> PARA PIANO               |
| <i>Ricardo Blanco, piano</i>          |                                                   |
| <i>Fernando V. Arias</i>              | <b>FANTASÍA</b> PARA CLARINETE E PIANO            |
| <i>Nilo García Armas, clarinete</i>   | Allegro                                           |
| <i>Ricardo Blanco, piano</i>          |                                                   |

**Ricardo Blanco**, pianista ferrolán nacido en 1972, realizou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde obtivo todos os Premios de Honor nas etapas elemental, media e superior.

Ao longo da súa traxectoria, foi recoñecido en múltiples certames de prestixio, como os concursos de piano *Gregorio Baudot*, *Xuventudes Musicais*, *Xóvenes Intérpretes* e *Infanta Cristina*. No ámbito da música de cámara, destacou no *Concurso de Música de Cámara Ciutat de Berga*. Tamén foi nomeado mellor pianista acompañante no concurso *Melómanos* de Madrid.

En 1995, logrou o número 1 a nivel estatal nas oposicións ao

Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas, convocadas pola Xunta de Galicia. A súa carreira inclúe gravacións para TVE, TVG, RTVE e RTVG, ademais de contar con catro discos como solista e músico de cámara.

No ámbito docente, comezou a súa actividade en 1990 nos conservatorios de Ferrol, A Coruña e Santiago, onde exerceu tamén cargos de responsabilidade como xefe de estudos e director. En 2018, obtivo as cátedras de piano e pianista repertorista nas oposicións convocadas pola administración galega, consolidando a súa posición como referente na formación musical.

**Ricardo Blanco**  
*piano*





## Esteban García Vidal

*fagote*

**Esteban García Vidal** (A Coruña, 1998) comeza os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música da Coruña cos profesores Emilio Ubach e Lluís Domínguez, finalizando con matrícula de honra en fagot e premio de fin de grao. A continuación, ingresa no Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde remata os seus estudos superiores en 2020, con cualificacións sobresaíntes. En xuño de 2021, gaña a praza de profesor de fagot nas oposicións ao Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas da Xunta de Galicia, e desde entón é docente de fagot no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, onde actualmente dirixe a banda do centro.

Recibiu clases maxistras de fagotistas como David Tomás, Juan Enrique Sapiña, Sophie Dervaux, María José Rielo, Bram van Sambeek, Ole Kristian Dahl, Guilhaume Santana, Simon Van Holen, Juan Pedro Fuentes, Guillermo Salcedo, Alban Wesly, Gabor Meszaros, Patricia Castro, Frank Wangler,

Miguel Ángel Mesa, Manuel Veiga, Álex Salgueiro ou Steve Harriswangler, destacando os tres últimos pola frecuencia coa que asiste ás súas clases.

Actuou baixo a batuta de directores tan destacados como Dima Slobodeniouk, Vasili Petrenko, Roberto González Monjas, Josep Pons, Michał Nesterowicz, José Miguel Pérez Sierra, José Trigueros, François López-Ferrer, Rubén Gimeno, entre outros.

En 2019, gañou o concurso de solistas do Conservatorio Superior de Música da Coruña, brindándolle a oportunidade de actuar como solista coa Orquestra Sinfónica do centro ese mesmo ano. Na mesma tempada, gañou tamén o concurso de solistas para tocar coa Banda Municipal de Música da Coruña, coa que actuou como solista en 2021. No ano 2020, venceu no concurso de solistas para tocar coa Orquestra Sinfónica de Galicia, coa que interpretou o *Concerto para fagot* de Mozart en 2020.

O **Cuarteto Scherzo** nace no seo da Orquestra Sinfónica de Galicia como resposta á vocación dos seus músicos para abordar o repertorio escrito para unha das formacións de música de cámara que máis inspirou a compositores de todas as épocas desde o clasicismo.

Os seus primeiros concertos remóntanse ao ano 2008 e na actualidade renováronse dous dos seus membros por xubilación dos seus compañeiros anteriores. Participou en diversos ciclos de música de cámara, entre os que destaca o vinculado ao xa desaparecido Festival Mozart da Coruña.

#### MEMBROS

**Regina Laza Pérez-Blanco** (*violín*) nace en Alxeciras (Cádiz). Estudou en Madrid e Cleveland. Gañou premios e tocou en 4 continentes. Desde 2022 é profesora na Orquestra Sinfónica de Galicia e concertino na Camerata.

**Enrique Carlos Iglesias Precado** (*violín*) nace na Coruña e estuda no Conservatorio local. Colabora con orquestras galegas e nacionais. Desde 1996 é profesor na Orquestra Sinfónica de Galicia e codirixe a Orquestra de nenos.

**Alison Dalglish** (*viola*) nace en Escocia, estudou en Londres e traballou coas orquestras do Reino Unido. Chegou a Coruña en 2001, fundou "Arcos Iris" e foi profesora das orquestras xoven e infantil da Sinfónica.

**Ramón Solsona Massana** (*violonchelo*) nace en Verdú (Lleida). Estudou en Ámsterdam e fundou o Conxunto Ibérico de Violonchelos. Colaborou con orquestras europeas e desde 1995 é violonchelista na Orquestra Sinfónica de Galicia.

**José F. Rodrigues Alexandre** (*contrabaixo*) nace en Lisboa, é músico na Orquestra Sinfónica de Galicia e profesor. Formouse en Lisboa e Madrid con Ludwig Streicher. Foi solista en España e colaborou con grandes orquestras e directores.

#### MEMBROS

- **Regina Laza Pérez-Blanco**, *violín*
- **Enrique Carlos Iglesias Precado**, *violín*
- **Alison Dalglish**, *viola*
- **Ramón Solsona Massana**, *violoncello*
- **José F. Rodrigues Alexandre**, *contrabaixo*



#### Cuarteto Scherzo

**Gonzalo Sánchez García**  
*trompeta*



**Gonzalo Sánchez García** inicia os seus estudos musicais aos sete anos co mestre José María Guillén Castro. Tras realizar varios cursos como estudante libre, matricúlase como alumno oficial no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde estuda co solista da Orquesta Nacional de España, José María Ortí Soriano. Con tan só 19 anos, obtén por concurso-oposición a praza de suboficial músico na Real Armada Española, sendo destinado á Banda de Música do Tercio Norte.

Dous anos despois, en recoñecemento á súa excelencia instrumental, é condecorado coa Cruz do Mérito Naval pola súa Maxestade o Rei. En 1990, incorpórase como profesor no Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño” de Ferrol, onde exerce ata 2008. Durante este período, colabora con agrupa-

cións como a Orquesta Nacional de España, o Grupo de Metais Santa Cecilia, a Orquesta de Cámara Galega e a JONDE. Ademais, participa na creación da Asociación de Trompetistas de Galicia, que organiza cursos especializados para trompeta na comarca de Ferrol.

Desde 2008, é profesor de trompeta no Conservatorio Superior de Música da Coruña. En 2018, convértese no primeiro catedrático da súa especialidade en Galicia.

Despois de 52 anos dedicados á música, Gonzalo Sánchez García segue sendo un estudante constante do seu instrumento, asistindo a numerosos cursos con mestres recoñecidos como Maurice André, Pierre Thibaud, Eric Aubier e, especialmente, José María Ortí Soriano, a quen considera o seu verdadeiro mestre.

O **Quinteto G1** é unha formación de ventos composta por alumnado do Conservatorio Superior de Música da Coruña. O grupo permanece activo baixo a ensinanza e dirección de Julio Cabo, recibindo clases no propio conservatorio. Entre as súas actuacións destacan concertos no Auditorio Andrés Gaos, o Sporting Club Casino da Coruña e o Centro Sociocultural Ágora.

Actualmente, o quinteto explora o amplo e diverso repertorio para ventos, interpretando obras que abranguen desde o repertorio clásico ata composicións contemporáneas.

#### MEMBROS

**María Piñeiro Ruibal** (*frauta*)  
inicia os seus estudos musicais en 2011 na Escola de Música Municipal de Vilagarcía. Tras finalizar o grao elemental en 2015, comeza o grao profesional en 2018 no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa co profesor Jesús González, rematándoo en 2023. Actualmente cursa o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Forma parte de agrupacións como a Banda de Música de Vi-

lagarcía, a Banda Municipal de Ribadumia e a Xove Orquestra Sinfónica de Pontevedra. Ademais, colaborou con outras formacións, destacando a Banda Municipal da Coruña.

**Pablo Díaz Coira** (*oboe*)  
inicia o grao profesional aos 12 anos no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol coa profesora Ana Salgado, completándoo no Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Desde 2023, cursa o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña co profesor Ismael Vaquero. Colaborou na Temporada Lirica da Coruña, na Banda Municipal da Coruña, na Orquestra e Coro Gaos e no ensemble barroco Lus Baroque Ensemble.

**Pablo Ares Ferro** (*clarinete*)  
comeza os seus estudos na Escola de Música Municipal de Moraña e, en 2017, accede ao Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga para realizar o grao profesional. Actualmente, cursa o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña. É membro da Banda Filharmónica de Vigo e foi integrante da Banda de Música Municipal de Valga e da Xove Orquestra Filharmó-



#### Quinteto G1

*quinteto de ventos*

**Julio Cabo Messeguer**

*director*



nica Cidade de Pontevedra. Tamén colaborou coa Banda Municipal da Coruña e a Banda Sinfónica Galega.

**Nerea Fernández Sampayo** (*trompa*) inicia os seus estudos musicais en 2011 na Escola de Música de Vilatuxe co profesor Pablo Fernández, continuando a súa formación con Luís Vinseiro. En 2013 comeza o grao profesional no Conservatorio Profesional de Música de Lalín con Javier González, que finaliza en 2023. Actualmente, cursa o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Forma parte da Banda de Música de Vilatuxe desde 2013 e da Banda Sinfónica Galega. Colaborou coa Orquestra Sinfónica da Universidade de Santiago de Compostela e coa Banda Municipal da Coruña.

**Mario Hermida Martínez** (*fa-*

*got*) inicia os seus estudos elementais na Escola de Música Municipal de Meaño e, en 2016, comeza o grao profesional no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga, finalizando en 2022 no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. Actualmente, cursa o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Desde 2023, forma parte da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia baixo a tutela de Manuel Veiga. É membro da Banda Unión Musical de Meaño desde 2014 e da Banda Filharmónica de Vigo. Ademais, foi integrante da Orquestra Sinfónica da Universidade de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra, colaborando tamén coas Bandas Municipais de Santiago de Compostela e da Coruña.

## DIRECTOR

**Julio Cabo Messeguer** realizou os seus estudos musicais nos Conservatorios de Madrid e Valencia. Ao longo da súa traxectoria profesional destacou nos ámbitos da interpretación, docencia

e investigación musical, ademais da dirección coral e orquestral. Na actualidade, desempeña o seu labor como Catedrático de Flauta no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

**Ramón Solsona Massana** (violonchelo) nace en Verdú (Lleida) en 1968. Inicia os seus estudos musicais co seu pai. Ingresa na Escolanía de Montserrat onde comeza os estudos de piano e violonchelo.

No ano 1991 ingresa no Sweelinck Conservatorium de Ámsterdam para perfeccionamento e pedagogía especializada en violonchelo cos mestres E. Arizcuren, Maarten Mosterd, Lenian Benjamins e Dries Munnik.

Foi membro fundador do Conxunto Ibérico de Violonchelos e tocou como solista en

Francia e toda España. Colaborou con orquestras como as sinfónicas de Asturias, Barcelona e Tenerife, así como coa Camera-ta Antonio Lucio en Holanda.

Foi membro da orquestra europea de xoves Gustav Mahler Jugendorchester baixo a dirección de mestres como Claudio Abbado, Neeme Järvi, James Judd e Bernard Haitink, con colaboracións dos solistas Jewgenij Kissin, Hélène Grimaud, Maxim Vengorov e María João Pires.

Desde 1995 é violonchelista na Orquestra Sinfónica de Galicia.

**Ramón Solsona Massana**  
*violoncello*





## Clara Jelihovschi Panas

soprano

**Clara Jelihovschi Panas** naceu en Moldavia e realizou unha ampla formación como solista de canto, directora de coro, profesora de música e pianista acompañante no Conservatorio Estatal de Chisinau. Tras graduarse en 1994, continuou os seus estudos na Universidade de Música de Bucarest, onde obtivo o título superior en Canto e un Máster de Solista.

No ámbito profesional, colaborou coa Filharmónica Georges Enescu de Bucarest, ofrecendo numerosos recitais cun repertorio variado, acompañada de piano, coro e orquestra. Entre os anos 2000 e 2004, formou parte da *Operettenbühne Wien*, coa que realizou xiras internacionais por Alemaña, Austria, Suíza, Holanda, Dinamarca, Xapón, China, Francia e Italia.

Desde 2007, xa afincada en España, participou en numerosos concertos e recitais en todo o país. Ademais, colaborou como solista con agrupacións como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Banda Municipal da Coruña e a de Santiago de Compostela, entre outros prestixiosos coros e conxuntos musicais.


Traballou baixo a dirección de recoñecidos mestres como Sergiu Comissiona, Seiji Ozawa, Miguel Ángel Gómez Martínez, Misha Katz, Ingo Wehner, Cristian Mandeal e José Miguel Pérez Sierra. As súas habilidades técnicas e interpretativas foron destacadas en clases maxistras con figuras como Renata Scottó e Alberto Zedda.

En 2016, foi invitada polo barítono Leo Nucci a participar nunha gala lírica celebrada na Coruña.

**Millán Abeledo Malheiro** iniciou os seus estudos de violoncello con Tatiana Cucerenco e Vera Kolar. Continuou a súa formación superior no Conservatorio Superior de Música de Aragón (CSMA) con Ángel Luis Quintana e Bárbara Switalska, na Escuela Superior de Música Reina Sofía (Madrid) con Natalia Shakhovskaya e na Musikhochschule Lübeck (Alemaña) con Troels Svane. Contou co apoio de bolsas da Fundación BBVA e da Fundación Segundo Gil Dávila, ademais do respaldo incondicional da súa familia. Foi recoñecido con numerosos galardóns, entre os que destacan o Primeiro Premio no Concurso Nacional de Violoncello de Carcaixent, o Primeiro Premio na Fundación Veo Veo, o Accésit no I Premio do Concurso Ruperto Chapí (Villena) e o Primeiro Premio no Concurso Santa Cecilia 2014 (Portugal).

En canto a publicacións discográficas, destacan o disco *Faces* con KNS Classical, un traballo pioneiro de octetos de corda en España co grupo Bambú Ensemble e a discográfica IBS e Galician Strings Quartets, publicado en 2023 como membro do Cuarteto Novecento con Brilliant Classics. Na actualidade, compaxina diferentes áreas da súa actividade profesional. No ámbito orquestral, forma parte da Real Filharmonía de Galicia desde 2014. No ámbito docente, exerce como profesor de violoncello na Escuela de Música Berenguela. No ámbito da música de cámara, colabora con formacións estables e traballa na divulgación musical como membro do equipo directivo da Aula de Cámara Airas Nunes. Completa a súa formación cun Máster en Psicoloxía e Música na UNED.



A portrait of two musicians, Millán Abeledo Malheiro and Elisa Martín, against a textured, reddish-brown background. Millán is on the right, wearing a black shirt, and Elisa is on the left, also in black. They are both looking towards the camera.

**Millán Abeledo Malheiro**

*violoncello*

**Elisa Martín**

*piano*

**Elisa Martín** é pianista e profesora de piano en Santiago de Compostela. Compaxina a súa actividade pedagóxica coa interpretación artística, realizando concertos a nivel nacional e internacional como integrante dun trío e dun dúo, cos que gravou un CD para KNS Classical. Ademais, desenvolve labores de investigación, traballando na súa tese de doutoramento sobre pedagogía do piano na Universidade Autónoma de Madrid. Finalizou os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Aragón cos profesores I. Cítera e M.A. Ortega Chavalas, obtendo as máximas cualificacións. Paralelamente, cursou a Licenciatura de Historia en varias institucións: Universidade Complutense de Madrid, Uni-

versidade de Zaragoza e Freie Universität de Berlín.

Foi galardoada en concursos como Hazen Intercentros e Jacinto Guerrero. Como intérprete, ofreceu recitais en diversas salas e ciclos de concertos en España, Portugal e Francia, consolidando unha carreira artística activa e versátil. A súa paixón pola ensinanza levouna a especializarse na pedagogía Suzuki, formándose con Mary McCarthy en España e Escocia, converténdose na primeira profesora de piano Suzuki en Galicia. Ademais, participa regularmente como profesora convidada en cursos realizados en países como Suíza, Dinamarca, España e Escocia, contribuíndo ao desenvolvemento da formación pianística internacional.

**Fernando Raña Barreiro** nace en Pontesampaio (Pontevedra) en 1970. A unha idade moi curta comeza a ter contacto coa música e pronto centra o seu interese na frauta travesa, motivo polo cal se traslada a Madrid, onde finaliza os seus estudos no Conservatorio Superior da devandita cidade coas máximas cualificacións (1988). Posteriormente, estuda con Magdalena Martínez, profesora coa que obtén o *Performer's Diploma* da Guildhall School no ano 1996. En 1990, é premiado no 1.º Concurso de Xóvenes Intérpretes organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. En 1993, é becado polo Festival Internacional de Música e Danza Manuel de Falla de Granada e, en 1997, obtén unha mención honorífica no Torneo Internacional de Música (Zaragoza). Un ano máis tarde, accede á última rolda do Concurso Internacional María Canals en Barcelona. Como complemento á súa formación, tamén recibe clases maxistras dos profesores J. M. Llorens, Nicolas Brochot, Pierre Dumail, Kate Hill (invitada pola JON-DE) e Alain Marion.

No eido da investigación, desde febreiro de 2018, ostenta o título de Máster en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Colaborou con orquestras como a Orquestra Clásica de Vigo, Xove Orquestra de Galicia, 1.ª Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais do IGAEM (onde foi profesor da sección

de vento-madeira), Orquestra Sinfonietta, Orquestra de Cámara da Sinfónica de Galicia, Orquestra Lírica Nacional, Orquestra Internacional do Festival de Murcia, Virtuosos de Moscú, Orquestra de Cámara do Festival Mozart, Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, Orquestra Sinfónica de Galicia, entre outras.

Nesta experiencia orquestral destaca o traballo realizado baixo a dirección de mestres como James Ross, Enrique Ricci, José Ramón Encinar, Josep Pons, René Clement, Miquel Ortega, Philip Walsh, Luis Fernando Malheiro, James Judd ou Antoni Witt. En 1992, aproba en Madrid as oposicións ao corpo de profesores de conservatorio do Ministerio de Educación e Ciencia, e tras ter realizado o seu traballo pedagóxico en Xixón e A Coruña, actualmente é catedrático do Conservatorio Superior de Música de Vigo, doutorando na Universidade Politécnica de Valencia cunha tese sobre o repertorio frautístico de Salvador Brotons, e membro do comité científico de CIVAE. Dada a súa prolífica actividade e interese pola divulgación do repertorio actual para frauta, convén salientar a súa participación como docente e solista en salas e centros superiores de Suíza, Italia, Portugal, Albania, Bélxica, Países Baixos, Lituania, Serbia ou Turquía, interpretando fundamentalmente repertorio de compositores galegos e españois, do cal é dedicatario.

**Fernando Raña Barreiro**  
*frauta travesa*





**Nilo Jesús García Armas**  
*clarinete*

**Nilo Jesús García Armas** naceu en Maracaibo (Venezuela) en 1981. Iniciou os seus estudos musicais con oito anos no Conservatorio da Coruña. Posteriormente trasladouse a Pontevedra, onde compaxinou os estudos de clarinete coa Diplomatura de Educación Musical. Continuou a súa formación no Conservatorio Superior de Música de Vigo, cos profesores Roberto Noche e Francisco Pérez, e finalizou no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a tutela de Vicente Pérez Planells. Ampliou a súa formación a través de diversos cursos con mestres recoñecidos como Manuel Juan López, Juan Navarro, Enrique Pérez Piquer, Lars Wouters, Walter Boeykens, Hans Deinzer e Andrew Marriner.

En 2007, aprobou as oposicións de profesor de clarinete convocadas pola Xunta de Galicia. Actualmente exerce como profesor no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, onde tamén dirixe a Banda Sinfónica. A súa formación complementaria inclúe cursos de dirección musical con Marcel Van Bree, Pascual Villaplana, Andrés

Valero e Simone Fermani. Exerceu como profesor e director da Banda do Conservatorio Profesional de Música de Melide entre 2011 e 2016, e como director da Banda de Música Municipal de Agolada de 2007 a 2017. Ademais, organizou e dirixiu os Campamentos Musicais de Verán de Agolada e coordinou o campamento musical de Ponte-deume (A Coruña).

En 2019, completou o Máster Universitario de Interpretación e Investigación Musical na Universidad Internacional de Valencia. En 2021, foi recoñecido co Premio Amizade polo Rotary Club de Ferrol e Oporto. Desde outubro de 2021, dirixe a Banda-Escola Municipal de Oleiros. En 2022, a Deputación da Coruña publicou o seu libro sobre a saga Berea. Ese mesmo ano obtivo o grao de doutor pola Universidade da Coruña na Facultade de Humanidades e foi nomeado artista da marca de clarinetes canadense Backun. En 2023, asumiu o cargo de coordinador do festival e curso internacional Galicia ClarinetFest en Lalín (Pontevedra).



**Real Academia Galega  
de Belas Artes**



**XUNTA  
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE**

**Fernando Vázquez Arias**



[www.fernandovazquezarias.gal](http://www.fernandovazquezarias.gal)



@Fernando-Vazquez-Arias



@ferv.arias57



@ferv.arias57

**REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES**

14 de xaneiro | 11 de marzo | 8 de abril | 3 de xuño  
de 2025